

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME XERAL DAS ENTIDADES
LOCAIS DE GALICIA**

Volume 1

EXERCICIO 2008

ÍNDICE**VOLUME 1**

	Páxina
I. Introducción e obxectivos xerais.....	1
II. Obxectivos específicos e alcance.....	3
III. Marco legal.....	3
IV. Limitacións ao alcance.....	5
V. Metodoloxía e procedementos aplicados.....	5
VI. Conclusións.....	25
VII. Recomendacións.....	27
VIII. Informes individualizados.....	29
1. Deputacións Provinciais.....	33
2. Concellos.....	71
Grupo 2.1. Máis de 50.000 habitantes.....	73
Grupo 2.2. De 20.001 a 50.000 habitantes.....	125
Grupo 2.3. De 10.001 a 20.000 habitantes.....	185
Grupo 2.4. De 5.001 a 10.000 habitantes.....	283
Anexos.....	419

VOLUME 2

Grupo 2.5. Menos de 5.000 habitantes.....	429
3. Mancomunidades.....	843
4. Consorcios.....	937
5. Entidades Locais Menores.....	989
Anexos.....	1013

I. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos da actuación fiscalizadora do Consello de Contas establecidos no artigo 4 da Lei 6/1985 do Consello de Contas de Galicia, (DOG nº 130 do 9 de xullo de 1985), adaptados ao ámbito do Sector Público local, son:

- Fiscalizar a actividade económico-financeira do sector público local de Galicia, velando para que se axuste ao Ordenamento xurídico e ao principio de racionalidade, determinada polos criterios de eficiencia e economía.
- Fiscalizar as subvencións, os créditos e as axudas con cargo aos orzamentos dos Entes Públicos Locais, así como os avais e as exencións fiscais directos e persoais concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidos por persoas físicas ou xurídicas.
- Fiscalizar os contratos celebrados polos entes que integran a Administración Local de Galicia nos casos que así se estableza ou que o Consello de Contas o considere adecuado.
- Fiscalizar a situación e as variacións do patrimonio dos Entes integrantes da Administración Local de Galicia, así como de aquelas empresas nas que exista algunha modalidade de participación no seu capital por parte dos mesmos.
- Fiscalizar os créditos extraordinarios, transferencias e demais modificacións dos créditos orzamentarios iniciais.
- Analizar a utilización dos recursos dispoñibles atendendo ao menor custo na realización do gasto e formular as propostas tendentes a mellorar os servizos prestados polo Sector Público Local de Galicia.
- Fiscalizar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas orzamentarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais.

Ademais, o artigo 20.1 da Lei 6/1985 establece que:

1. *“O Consello de Contas de Galicia deberá elaborar e elevar ao Parlamento unha memoria das súas actividades, que comprenderá a análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e das*

demais do sector público de Galicia. Estenderase, ademais, á fiscalización da xestión económica da Comunidade e do sector público galego e comprenderá entre outros, os seguintes extremos:

- a) Observancia da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia, das Leis reguladoras dos ingresos e gastos do sector público de Galicia e, en xeral, das normas que afectan á actividade económico-financeira e contable do mesmo.*
- b) Cumprimento das previsións e da execución dos Presupostos da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e demais entidades suxeitas a súa fiscalización.*
- c) Racionalidade na execución do gasto público baseado en criterios de eficacia e economía.*
- d) Execución dos programas de actuación, inversións e financiación e demais plans ou previsións que rexan a actividade das empresas públicas e das empresas vinculadas á Comunidade Autónoma, así como o emprego ou aplicación de subvencións con cargo ó presuposto da Comunidade Autónoma e das exencións fiscais directas e persoais concedidas.*

2. *O Consello de Contas propondrá as medidas a adoptar, no seu caso, para a mellora da xestión económico-financeira do sector público de Galicia”.*

En consecuencia, para o cumprimento dos preceptos citados e execución do Programa de Traballo da Área de Corporacións Locais do ano 2010, aprobado polo Pleno do Consello de Contas o 16 de decembro de 2009, emítese o presente Informe xeral sobre as contas rendidas polas entidades locais de Galicia correspondentes ao exercicio 2008.

II. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ALCANCE

Constitúe o obxectivo específico desta fiscalización informar sobre as contas rendidas polas distintas entidades que integran o Sector Público Local da Comunidade Autónoma de Galicia, realizando o exame e comprobación das mesmas, así como a súa adaptación á normativa aplicable.

É un exame formal de cumprimento da legalidade sobre determinados aspectos dos orzamentos aprobados e das contas rendidas, seguindo o programa de traballo aprobado. Os resultados obtidos non supoñen a conformidade ou desconformidade do Consello de Contas coa totalidade da xestión económico-financieira das entidades analizadas. Verifícase, pois, o cumprimento de legalidade de determinados aspectos e cos alcances que se detallan no citado programa de traballo e actuacións.

III. MARCO LEGAL

As disposicións reguladoras dos aspectos referentes á actividade económico-financieira, orzamentaria e contable das entidades locais durante o período examinado son as seguintes:

- Lei 7/1985 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), BOE nº 80 do 3 de abril de 1985. Rect. BOE nº 139 do 11 de xuño de 1985.
- Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), BOE nº 96 do 24 de abril de 1986.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, actualmente RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; (TRLRFL), BOE nº 57 do 9 de marzo de 2004.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos. BOE nº 101 do 27 de abril de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais. BOE nº 252 do 20 de outubro de 1989.

Informe Xeral das Entidades Locais de Galicia. Exercicio 2008

- Orde EHA/4040/2004, de 23 de novembro. Instrución modelo Básico de contabilidade Local, BOE nº 296, do 9 de decembro.
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro. Instrución modelo Normal de contabilidade Local, BOE nº 296, do 9 de decembro.
- Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro. Instrución modelo Simplificado de contabilidade Local, BOE nº 296, do 9 de decembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia, DOG. nº 149 do 5 de agosto de 1997.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia. DOG nº 130 do 9 de xullo de 1985.
- Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas. BOE nº 121, do 21 de maio de 1982.
- Resolución do 25 de xuño de 1992, pola que se dispón a publicación do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia. DOG. nº 138 do 17 de xullo de 1992.
- Resolución do 14 de xuño de 2007 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 29 de maio de 2007 sobre a forma en que as entidades locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático. DOG. nº 120 do 22 de xuño de 2007.

IV. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

Os resultados do traballo estiveron condicionados polas seguintes limitacións:

- Non rendición ou rendición incompleta das contas.
- Non se inclúe a análise das Entidades que non renderon as contas ou que o fixeron despois do 30 de abril de 2010, data de peche dos traballos para a elaboración deste informe.
- Contas e estados contables que presenten deficiencias.
- Contas e estados contables non adaptados ás Instrucións aprobadas polas Ordenes EHA/4040, 4041 e 4042, do 23 de novembro de 2004, polas que se establecen os modelos de Contabilidade para a Administración Local, vixentes a partir do 1 de xaneiro de 2006 (ICAL).

V. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS APLICADOS

A metodoloxía, procedementos e criterios aplicados para a realización do Informe é semellante á aplicada para a elaboración do informe do exercicio 2007, presentándose para cada Entidade Local os resultados obtidos, conforme ao seguinte detalle:

1) INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E FINANCIAMENTO DA ENTIDADE

En distintos apartados móstranse as magnitudes económico financeiras das entidades locais segundo os estados contables rendidos. Na elaboración e confección dos distintos estados e magnitudes traspasouse directamente ao sistema de información contable, a facilitada polas distintas entidades, sen efectuar os axustes ou reclasificacións que puideran ser necesarios en caso de realizar a fiscalización das mesmas, incluíndo unicamente aqueles estados contables que puideron ser tratados informáticamente. Neste apartado de información orzamentaria e financeira da entidade inclúese a información económico-financeira daquelas que remitiron as súas contas antes do 30 de abril de 2010 (data de peche dos traballos para a elaboración do informe).

A información contida nesta primeira parte é a seguinte:

1.1 Liquidación do orzamento de ingresos e gastos

Ofrece a información básica da execución e liquidación ao 31 de decembro de 2008, por capítulos orzamentarios, dos estados de ingresos e gastos rendidos pola entidade, co detalle das previsións iniciais, previsións definitivas, os dereitos e obrigas recoñecidas netas, a recadación líquida e os pagos realizados no exercicio.

1.2 Resultado orzamentario

Preséntase o resultado orzamentario e o resultado orzamentario axustado, que figuran na conta xeral rendida por cada entidade, e que constitúen indicadores da xestión orzamentaria da entidade no exercicio.

O resultado orzamentario do exercicio, de acordo coa definición establecida nas Instrucións de Contabilidade da Administración Local, en adiante (ICAL), virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigas orzamentarias recoñecidas.

$$\text{Resultado orzamentario} = \text{Dereitos recoñecidos netos} - \text{Obrigas recoñecidas netas}$$

O signo positivo ou negativo do resultado orzamentario indica o superávit ou déficit da liquidación do orzamento.

De acordo coas ICAL, o resultado orzamentario, terá que, no seu caso, axustarse en función de:

- As desviacións de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.
- Os créditos gastados correspondentes ás modificacións orzamentarias que foron financiadas con Remanente Líquido de Tesourería (RLT).

$$\text{Resultado Presup. Axustado} = \text{Resultado orzamentario} \pm \text{Desviac. de financiamento} + \text{Obrigas recoñecidas de modificación financiadas con Remanente Líquido de Tesourería}$$

1.3 Remanente de Tesourería

Reflicte este apartado os datos relativos ao estado do remanente de tesourería rendido por cada entidade, co desglose dos distintos compoñentes que o integran de acordo co establecido nas ICAL. É un indicador que reflicte ao fin do exercicio a situación financeira a curto prazo da entidade.

O seu resultado positivo constituirá un recurso para o financiamento de modificacións de créditos no exercicio seguinte. Se o seu resultado fose negativo procederase de acordo ao establecido no

artigo 193 do RDL 2/2004 polo que se aproba o TRLRFL, que nos seus primeiros tres apartados establece:

"1. En caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Pleno da corporación ou o órgano competente do organismo autónomo, segundo corresponda, terán que proceder, na primeira sesión que celebren, á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido. A expresada redución tan só poderá revocarse polo acordo do Pleno, a proposta do presidente, e previo informe do Interventor, cando o desenvolvemento normal do orzamento e a situación da tesourería o consentisen.

2. Se a redución de gastos no resultase posible, poderase acudir ao concerto de operación de crédito polo seu importe, sempre que se dean as condicións sinaladas no artigo 177.5 desta Lei.

3. De no adoptarse ningunha das medidas previstas nos dous apartados anteriores, o orzamento do exercicio seguinte terase que aprobar cun superávit inicial de contía non inferior ao repetido déficit."

O remanente de tesourería estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos ao 31 de decembro do exercicio. Os dereitos pendentes de cobro cuantifícanse deducindo, cando así proceda, aqueles que se consideran de difícil ou imposible recadación.

O remanente de tesourería obterase como suma dos fondos líquidos de tesourería máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago.

O remanente de tesourería para gastos xerais determínase por diferenza entre o remanente de tesourería total e o remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado.

O remanente de tesourería afectado a gastos con financiamento afectado, estará constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas que se produzan ao fin do exercicio.

De acordo coas anteriores definicións establecidas nas ICAL, o estado de remanente de tesourería preséntase coa seguinte estrutura e composición:

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA	
1.	Debedores pendentes de cobro a fin do exercicio.
*	(Saldos de dubidoso cobro).
2.	Acredores pendentes de pago a fin do exercicio.
3.	Fondos líquidos en la Tesourería a fin do exercicio.
4.	Remanente de Tesourería total. $4 = (1-2+3) = (5+6)$
5.	Remanente de Tesourería para gastos xerais. $5 = (4-6)$
6.	Remanente de Tesourería afectado. $6 = (4-5)$

Inclúese información relativa á cuantificación feita por cada entidade respecto dos saldos de dubidoso cobro, figurando os debedores pendentes de cobro a fin do exercicio minorados por aqueles, no seu caso.

1.4 INDICADORES

O informe ofrece varios tipos de indicadores establecidos polas Instrucións de Contabilidade das Administracións Locais, que téñense clasificado nos seguintes grupos:

- Indicadores financeiros e patrimoniais legais
- Indicadores orzamentarios legais
- Outros indicadores

Soamente no caso da agrupación "Outros indicadores" ofrécense datos calculados polo Consello de Contas de Galicia; nos demais casos reproducense os datos tal e como foron aportados directamente ao Consello polas respectivas entidades locais.

Co obxecto de simplificar a información e ofrecer ao mesmo tempo un estado comparativo da situación das distintas entidades, obteranse de forma individual e agregada os seguintes ratios e indicadores:

Grupo	Indicadores	Unidade de medida	Modelo Normal	Modelo Simplificado	Modelo Básico
Financeiros e patrimoniais	1. Liquidez inmediata	%	X	X	
	2. Solvencia a curto prazo	%	X	X	
	3. Endebemento por habitante	€/h	X	X	
Orzamentarios	1. Execución do orzamento de gastos	%	X	X	
	2. Realización de pagos	%	X	X	
	3. Gasto por habitante	€/h	X	X	
	4. Investimento por habitante	€/h	X	X	
	5. Esforzo inversor	%	X	X	
	6. Período medio de pago	días	X	X	
	7. Execución do orzamento de ingresos	%	X	X	
	8. Realización de cobros	%	X	X	
	9. Autonomía	%	X	X	
	10. Autonomía fiscal	%	X	X	
	11. Período medio de cobro	días	X	X	
	12. Superávit/Déficit por habitante	€/h	X	X	
	13. Contribución do orzamento ao remanente de tesourería	%	X	X	
Orzamentarios calculados	1. Ingresos por habitante	€/h	X	X	
	2. Tributos propios por habitante	€/h	X	X	
	3. Transferencias recibidas por habitante	€/h	X	X	
	4. Importancia relativa dos tributos propios	%	X	X	
	5. Gasto de persoal por habitante	€/h	X	X	
	6. Consumo público por habitante	€/h	X	X	
	7. Aforro neto	€	X	X	
	8. Carga financeira	%	X	X	
	9. Débeda viva ingresos correntes	%	X	X	
	10. Índice modificación gastos	%	X	X	
	11. Recoñecemento extraxudicial	€	X	X	
	12. Índice débedas dubidoso cobro	%	X	X	
	13. Índice de dependencia financeira	%	X	X	

1.4.1. Indicadores financeiros e patrimoniais legais

Neste primeiro grupo de indicadores detállanse:

1. *Liquidez inmediata*

$$\text{Liquidez Inmediata} = \frac{\text{Fondos Líquidos}}{\text{Obrigas pendentes de pago}}$$

2. *Solvencia a curto prazo:*

$$\text{Solvencia a curto prazo} = \frac{\text{Fondos Líquidos} + \text{Dereitos pendentes de cobro}}{\text{Obrigas pendentes de pago}}$$

A efectos do cálculo dos dous indicadores anteriores considéranse Fondos líquidos, ademais dos fondos dispoñibles, aquelas partidas cuxa materialización en dispoñibilidade sexa inmediata.

3. *Endebemento por habitante:* determina a débeda a longo prazo por habitante da entidade a fin de exercicio.

$$\text{Endebemento por habitante} = \frac{\text{Débeda viva en circulación a fin de exercicio}}{\text{Nº de habitantes}}$$

1.4.2. Indicadores orzamentarios legais

1. *Execución do orzamento de gastos:* indica a porcentaxe que representan as obrigas recoñecidas netas no exercicio con respecto ao orzamento definitivo. É un indicador do nivel de execución orzamentario dos gastos no exercicio polo que tamén se denomina grao de execución de gastos.

$$\text{Índice de recoñecemento de obrigas} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas}}{\text{Orzamento definitivo}} \times 100$$

2. *Realización de pagos:* indica a porcentaxe que representan os pagos realizados no exercicio sobre o total de obrigas recoñecidas netas do mesmo. Tamén se denomina grao de execución de pagos. Del pódese obter o índice de obrigas pendentes de cobro, que sería un indicador da eficacia da xestión de tesourería.

$$\text{Índice de pagos} = \frac{\text{Pagos líquidos}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}} \times 100$$

3. Gasto por habitante: indica o gasto medio por habitante realizado pola entidade no exercicio:

$$\text{Gasto total por habitante} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas}}{\text{Nº de habitantes}}$$

4. Investimento por habitante: indica o gasto medio por habitante realizado pola entidade no exercicio destinado a financiar gastos de capital (investimentos reais e transferencias de capital). É un indicador da inversión por habitante (infraestruturas, equipamentos, etc.) realizado pola entidade no exercicio.

$$\text{Gastos de capital por habitante} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (Cap. VI e VII)}}{\text{Nº de habitantes}}$$

5. Esforzo investidor:

$$\text{Esforzo investidor} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (Cap. VI e VII)}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}}$$

6. Período medio de pago:

$$\text{Período medio de pago} = \frac{\text{Obrigas pendentes de pago (Cap. II e VI)}}{\text{Obrigas recoñecidas netas}} \times 365$$

7. Execución do orzamento de ingresos: indica a porcentaxe que representan os dereitos recoñecidos liquidados no exercicio sobre o orzamento definitivo. É un indicador do nivel de execución orzamentaria de ingresos polo que tamén se denomina grao de execución de dereitos:

$$\text{Índice de liquidación de dereitos} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos}}{\text{Previsións definitivas}} \times 100$$

8. Realización de cobros: indica a porcentaxe que representan os ingresos líquidos do exercicio con respecto aos dereitos recoñecidos netos do mesmo. É un indicador da materialización dos dereitos liquidados. Tamén se denomina índice de liquidación de ingresos e do mesmo obtense o índice de dereitos pendentes de cobro, que sería un indicador da eficacia na xestión recadadora.

$$\text{Índice de execución de ingresos} = \frac{\text{Recadación neta}}{\text{Dereitos recoñecidos netos}} \times 100$$

9. Autonomía:

$$\text{Autonomía} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos (*)}}{\text{Dereitos recoñecidos netos totais}} \times 100$$

(*): Dos capítulos I, II, III, V, VI, VIII, máis as transferencias recibidas (dos cap. IV e VII)

10. Autonomía fiscal:

$$\text{Autonomía fiscal} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos (*)}}{\text{Dereitos recoñecidos netos totais}}$$

(*): Dos ingresos de natureza tributaria

11. Período medio de cobro:

$$\text{Período medio de cobro (*)} = \frac{\text{Dereitos pendentes de cobro}}{\text{Dereitos recoñecidos netos}} \times 365$$

(*): Dos dereitos de cobro imputados aos capítulos I, II e III.

12. Superávit (ou Déficit) por habitante:

$$\text{Superávit (ou Déficit) por habitante:} = \frac{\text{Resultado orzamentario axustado}}{\text{Número de habitantes}}$$

13. Contribución do orzamento ao Remanente de tesourería:

$$\text{Contribución do orzamento ao Remanente de tesourería} = \frac{\text{Resultado orzamentario axustado}}{\text{Remanente de tesourería para gastos xerais}} \times 100$$

1.4.3. Outros indicadores

Estes indicadores son calculados polo Consello de Contas de Galicia, tomando como base os datos que figuran nos estados contables rendidos polas respectivas entidades locais.

1. Ingresos por habitante: cuantifica o volume de ingresos por habitante liquidados no exercicio.

$$\text{Ingresos por habitante} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos}}{\text{Nº de habitantes}}$$

2. Tributos propios e outros ingresos por habitante: é un indicador da presión fiscal. Determina a contribución media por habitante (a través de impostos, taxas e prezos públicos) ao orzamento liquidado da entidade.

$$\text{Tributos propios e outros ingresos por habitante} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos (cap.I, II, III)}}{\text{Número de habitantes}}$$

3. Transferencias recibidas por habitante: indica a cifra media por habitante de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital (Cap. IV e VII), liquidados no exercicio.

$$\text{Transferencias por habitante} = \frac{\text{Recadación Líquida (Cap. IV e VII)}}{\text{Nº de habitantes}}$$

4. Importancia relativa dos tributos propios e outros ingresos: é un indicador do peso específico que supoñen os ingresos obtidos pola entidade a través dos seus impostos, e taxas e prezos públicos sobre o total de ingresos. Mide o grao de autofinanciamento da entidade.

$$\text{Tributos propios e outros ingresos por habitante} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos (cap. I, II, III)}}{\text{Total Dereitos recoñecidos netos}} \times 100$$

5. Gasto de persoal por habitante: mide o gasto de persoal por habitante realizado pola entidade no exercicio. É un indicador do custo por habitante que supoñen os gastos de persoal da entidade.

$$\text{Gasto de persoal por habitante} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (cap. I)}}{\text{Nº de habitantes}}$$

6. Consumo público por habitante: indica o gasto medio por habitante realizado pola entidade no exercicio e destinado a satisfacer os gastos de persoal e de bens correntes e servizos. É un indicador do custo por habitante que ten o funcionamento da entidade.

$$\text{Consumo público por habitante} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (Cap. I e II)}}{\text{Nº de habitantes}}$$

7. Aforro neto: é a diferenza entre os dereitos liquidados por operacións correntes (cap. I ao V) e as obrigas recoñecidas por operacións correntes (cap. I ao IV), minorada no importe das obrigas recoñecidas no exercicio por amortizacións de endebedamento (pasivos financeiros, cap. IX). Mostra a capacidade da entidade para financiar os seus investimentos.

$$\text{Aforro neto} = \text{Dereitos Rec. Netos (Cap. I a V)} - \text{Obrigas Rec. Netas (Cap. I a IV)} - \text{Obrigas Rec. netas (Cap. IX)}$$

8. Carga financeira: é a porcentaxe de gastos que destina a entidade a satisfacer os gastos financeiros do seu endebedamento (amortizacións e xuros). É un indicador do custo que representa en endebedamento para a entidade no exercicio.

$$\text{Carga financeira} = \frac{\text{Obrigas recoñecidas netas (Caps III e IX)}}{\text{Total obrigas recoñecidas netas}} \times 100$$

9. Endebedamento vivo sobre ingresos correntes: é a porcentaxe que supón a débeda acumulada a longo prazo sobre os dereitos liquidados por operacións correntes no mesmo.

$$\text{Endebedamento vivo/ingr.correntes} = \frac{\text{Endebedamento vivo a longo prazo ao fin de exercicio}}{\text{Dereitos Recoñecidos netos (Caps. I ao V)}} \times 100$$

10. Índice de modificación de gastos: indica a porcentaxe de modificacións de crédito realizadas no exercicio. É un indicador das desviacións producidas entre as previsións iniciais e as definitivas.

$$\text{Índice de modificacións de gastos} = \frac{\text{Importe neto das modificacións Orzamentarias de gastos}}{\text{Orzamento inicial}} \times 100$$

11. Recoñecemento extraxudicial de créditos: indica o volume de gastos contabilizados no exercicio por este procedemento.

12. Índice de debedores de dubidoso cobro: é a porcentaxe de saldos de dubidoso cobro rexistrados no Remanente de Tesourería sobre o total de dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio.

$$\text{Índice debedores de dubidoso cobro} = \frac{\text{Saldos dubidoso cobro}}{\text{Debedores pendentes de cobro}} \times 100$$

13. Índice de dependencia financeira: é un indicador do peso específico que representan os ingresos por transferencias correntes e de capital sobre o total de ingresos. Mide o grao de dependencia financeira da entidade.

$$\text{Índice de dependencia financeira} = \frac{\text{Dereitos recoñecidos netos (Caps. IV e VII)}}{\text{Total Dereitos recoñecidos netos}} \times 100$$

1.5 Balance de situación

Constitúe a expresión a fin do exercicio, da situación económico-financeira e patrimonial da entidade.

Recollese neste apartado a información que se detalla do Balance de Situación a fin de exercicio rendido por cada entidade, así como os correspondentes agregados por grupos de entidades.

A información aparece estruturada da seguinte forma, de acordo ás Instrucións de Contabilidade da Administración Local:

a) Activo

Inmovilizado material: recolle os elementos patrimoniais tanxibles, mobles e inmobles, cualificados como patrimoniais e aqueles que sendo de dominio público están afectados ao funcionamento dos servizos.

Inmovilizado inmaterial: recolle os elementos patrimoniais intanxibles constituídos por dereitos susceptibles de valoración económica.

Investimentos en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral: comprende os gastos de investimentos realizadas pola entidade en bens de infraestrutura e nos bens que están destinados ao uso xeral.

Inmovilizado financeiro: comprende os investimentos materializados en títulos representativos de capital de sociedades que teñan un período de permanencia superior ao ano.

Gastos a cancelar: recolle os gastos realizados no exercicio que por ter proxección económica futura teñan que ser distribuídos no tempo (Amortizacións e provisións).

Debedores: recolle os dereitos de cobro da entidade fronte a terceiros en virtude dos cales o debedor queda obrigado a satisfacer á entidade unha determinada cantidade nun momento concreto (vencemento) e coas condicións que derivan do seu soporte documental. Recolle dereitos de cobro da entidade fronte a terceiros, derivados das relacións cos mesmos agás aqueles, que pola súa natureza, correspondan a contas incluídas nos grupos 1, 2 e 5.

Contas financeiras: recolle acredores e debedores a curto prazo por operacións financeiras, operacións extraorxamentarias, medios líquidos dispoñibles e contas de movementos internos.

Situacións transitorias de financiamento: recolle a información relativa ás posibles situacións intermedias derivadas da emisión e amortización de obrigas e bonos.

Axustes por periodificación: recolle os gastos contabilizados no exercicio que se pecha e que corresponden ao seguinte.

Resultados pendentes de aplicación: recolle os beneficios ou perdas non aplicados especificamente a ningunha outra conta nin incorporados á de patrimonio.

b) Pasivo

Patrimonio e reservas: comprende os recursos da entidade local destinados, en xeral, ao financiamento do activo permanente.

Subvencións de capital: comprende as recibidas de calquera axente económico para establecemento ou estrutura básica da entidade, podendo adoptar tanto a forma de entrega de fondos como a de bens de capital xa formados.

Débedas a longo prazo: recolle o financiamento alleo a longo prazo da entidade.

Débedas a curto prazo: recolle as obrigas de pago da entidade fronte a terceiros derivados das relacións cos mesmos, agás aquelas que, pola súa natureza, correspondan a contas incluídas nos grupos 1, 2 e 5.

Partidas pendentes de aplicación: recolle ingresos que se producen na entidade local e que non son aplicables os seus conceptos definitivos, por ser esta aplicación provisional un trámite previo para a súa posterior aplicación definitiva.

Axustes por periodificación: recolle os gastos imputables ao exercicio que se pecha pero que se devengan, e polo tanto aplicaranse ao orzamento de gastos nun exercicio posterior.

Resultados: recolle o resultado definitivo da xestión da entidade local no exercicio.

1.6 Conta de resultados do exercicio

Recole, coa estrutura que determinan as ICAL, os fluxos reais orixinados pola entidade local, tanto os procedentes da actividade normal como os atípicos, Esta conta ofrece a información relativa aos resultados correntes do exercicio, aos resultados extraordinarios, aos resultados da carteira de valores e á modificación dos dereitos e obrigas de orzamentos pechados.

2) ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN RENDIDA

Se verifica a adaptación da información e documentación contida na Conta Xeral rendida antes do 31/12/2007 á normativa de aplicación, co contido que se detalla a continuación:

2.1. Orzamento

2.1.1 Documentación

Compróbase que a estrutura dos orzamentos se adapta ao establecido nos artigos 3 ao 9 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989 e que contén a información prevista nos artigos 164 e seguintes do TRLRFL:

- Existencia dos estados de gastos e ingresos coas súas respectivas clasificacións.
- Existencia do estado de consolidación do orzamento da propia entidade co de tódolos orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades públicas.
- Aprobación de cada un dos orzamentos integrados no orzamento xeral sen déficit inicial.
- Inclusión do estado de situación da débeda no que consten as operacións de crédito e as amortizacións previstas no exercicio.
- Inclusión das bases de execución no orzamento xeral.
- Verificación da remisión dos anexos previstos no artigo 166.1 do TRLRFL:
- Memoria explicativa do seu contido e principais modificacións.
- Anexo de persoal da entidade local.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

- Informe económico financeiro.

2.1.2 Aprobación

Verifícase a adecuación do expediente de aprobación do orzamento nas distintas fases ao establecido nos artigos 168 e 169 do TRLRFL, no relativo a súa formación, aprobación, publicación e cumprimento dos prazos establecidos para elo; facendo especial referencia ao cumprimento de artigo 169.2 que establece que *a aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da Corporación terá que realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.*

2.2 Conta Xeral

2.2.1 Documentación

O novo marco normativo vixente dende o 1 de xaneiro de 2006, implica importantes cambios na documentación e información a render aos órganos de control externo así como na forma na que terá que se realizar dita rendición.

O novo marco fixo necesario adoptar novos criterios xurídicos e técnicos para instrumentar medidas que fixesen posible a aplicación efectiva da nova forma de cumprir a obriga de render as contas por parte das entidades locais de Galicia ao órgano de control externo autonómico.

O Consello de Contas de Galicia aprobou mediante Acordo do Pleno de 29 de maio de 2007, a norma que regula a forma na que as entidades locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático.

O Consello remitiu oportunamente á totalidade das entidades locais básicas de Galicia o texto da norma reguladora, así como un soporte físico informático que fixese posible, despois da súa instalación polas mesmas, a rendición da conta anual do exercicio 2007 neste mesmo soporte e axilizar a súa presentación ante o Consello de Contas de Galicia, así como garantir unha maior operatividade e seguridade no tratamento dos datos inherentes a dita conta.

Para cada modelo de rendición verifícase que se acompaña:

A) Entidades Locais obrigadas a render as súas contas anuais mediante o **modelo normal** establecido na Orde EHA/4041/2004:

Documento ou Estado	Norma aplicable
Conta da propia entidade Conta dos organismos autónomos Contas das Sociedades mercantís de capital integramente propiedade da entidade local	Regra 97.1 Orde EHA/4041/2004
1- Balance.	Regra 98.1 Orde EHA/4041/2004
2- Conta do resultado económico-patrimonial.	Regra 98.1 Orde EHA/4041/2004
3- Estado de Liquidación do Orzamento- I. Liquidación do Orzamento de Gastos. - I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 1) Resumo da clasificación funcional do gasto. - I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 2) Resumo da clasificación económica do gasto. - I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 3) Resumo das obrigas recoñecidas netas. 4- Estado de Liquidación do Orzamento- II. Liquidación do Orzamento de Ingresos. - II. Liquidación do Orzamento de Ingresos. Resumos. 1) Resumo da clasificación económica dos ingresos. 5- Estado de Liquidación do Orzamento- III. Resultado Orzamentario.	Regra 98.1 Orde EHA/4041/2004
6- Memoria. Terá que aportarse o documento Memoria. 7 -Estado de Tesourería 8. Estado do Remanente de Tesourería 9 Estado de la débeda	Regra 98.1 Orden EHA/4041/2004 Apartado 12 da Memoria Apartado 20.5 da Memoria Apartado 14 da Memoria

(Continuación modelo normal)

Documento ou Estado	Norma aplicable
<p>Documentación complementaria</p> <p>10- Acta de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.</p> <p>11- Certificacións bancarias.</p> <p>12- Conciliacións (en caso de discrepancia entre saldos contables e saldos bancarios).</p> <p>13. No caso de que o Pleno da Corporación, así o tivese establecido, acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que fora determinado.</p> <p>Para os municipios de poboación superior a 50.000 habitantes e demais entidades locais de ámbito superior:</p> <p>14- Memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos.</p> <p>15- Memoria do grao de cumprimento dos obxectivos programados</p>	<p>Regra 98.3 Orde EHA/4041/2004</p> <p>Regra 101.1 Orde EHA/4041/2004</p> <p>Regra 101.2 Orde EHA/4041/2004</p> <p>Regra 101.3 Orde EHA/4041/2004</p>
<p>Aprobación da Conta Xeral</p> <p>16- Informe da Comisión Especial de Contas.</p> <p>17- Xustificación do trámite de exposición pública da Conta Xeral.</p> <p>18- Resolución das alegacións pola Comisión Especial de Contas.</p> <p>19- Acordo Plenario de Aprobación da Conta Xeral (Certificado).</p> <p>20- Omisión de ficheiros electrónicos</p>	<p>Regra 102 Orde EHA/4041/2004</p> <p>Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 29 de maio de 2007.</p>

B) Entidades Locais obrigadas a render as súas contas anuais mediante o modelo simplificado establecido na Orde EHA/4042/2004:

Documento ou Estado	Norma aplicable
<p>Conta da propia entidade</p> <p>Conta dos organismos autónomos</p> <p>Contas das Sociedades mercantís de capital integramente propiedade da entidade local</p>	<p>Regra 86.1 Orde EHA/4042/2004</p>
<p>1. Balance.</p>	<p>Regra 86.1 Orde EHA/4042/2004</p>

(Continuación modelo simplificado)

Documento ou Estado	Norma aplicable
2. Conta do resultado económico-patrimonial.	Regra 86.1 Orde EHA/4042/2004
<p>3- Estado de Liquidación do Orzamento.- I. Liquidación do Orzamento de Gastos.</p> <p>- I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 1) Resumo da clasificación funcional do gasto.</p> <p>- I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 2) Resumo da clasificación económica do gasto.</p> <p>- I. Liquidación do Orzamento de Gastos. Resumos. 3) Resumo das obrigas recoñecidas netas.</p> <p>4. Estado de Liquidación do Orzamento- II. Liquidación do Orzamento de Ingresos.</p> <p>- II. Liquidación do Orzamento de Ingresos. Resumos. 1) Resumo da clasificación económica dos ingresos.</p> <p>5. Estado de Liquidación do Orzamento- III. Resultado Orzamentario.</p>	Regra 86.1 Orde EHA/4042/2004
<p>6. Memoria. Terase que aportar o documento Memoria.</p> <p>7. Estado de Tesourería</p> <p>8. Estado do Remanente de Tesourería</p> <p>9. Estado da débeda</p>	<p>Regra 86.1 Orde EHA/4042/2004</p> <p>Apartado 10 da Memoria</p> <p>Apartado 16.5 da Memoria</p> <p>Apartado 12 da Memoria</p>
<p>Documentación complementaria</p> <p>10. Acta de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.</p> <p>11. Certificacións bancarias.</p> <p>12. Conciliacións (en caso de discrepancia entre saldos contables e saldos bancarios).</p> <p>13. En caso de que o Pleno da Corporación, así o establecera, acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que tivera determinado</p>	<p>Regra 86.3 Orde EHA/4042/2004</p> <p>Regra 89.1 Orde EHA/4042/2004</p> <p>Regra 89.2 Orde EHA/4042/2004</p>

(Continuación modelo simplificado)

Documento ou Estado	Norma aplicable
<p>Aprobación da Conta Xeral</p> <p>14. Informe da Comisión Especial de Contas.</p> <p>15. Xustificación do trámite de exposición pública da Conta Xeral.</p> <p>16. Resolución das alegacións pola Comisión Especial de Contas.</p> <p>17. Acordo Plenario de Aprobación da Conta Xeral (Certificado).</p> <p>18. Omisión de ficheiros electrónicos</p>	<p>Regra 90 Orde EHA/4042/2004</p> <p>Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 29 de maio de 2007.</p>

C) Entidades Locais obrigadas a render as súas contas anuais mediante o **modelo básico** establecido na Orde EHA/4040/2004:

Documento ou Estado	Norma aplicable
<p>Conta da propia entidade, composta polas seguintes partes:</p> <p>a) Liquidación do Orzamento</p> <p>b) Información sobre execución orzamentaria</p> <p>c) Información sobre Tesourería</p> <p>d) Información sobre endebedamento</p> <p>e) Información sobre operacións non orzamentarias</p>	<p>Regras 22 e 25 Orde EHA/4040/2004</p>
<p>1. Liquidación do Orzamento:</p> <p>1.1. Liquidación do Orzamento de Gastos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por partidas orzamentarias - Resumo por grupos de función - Resumo por capítulos <p>1.2. Liquidación do Orzamento de Ingresos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por aplicacións orzamentarias - Resumo por capítulos <p>1.3. Resultado orzamentario</p>	<p>Regra 33 detalle do Anexo Orde EHA/4040/2004</p>
<p>Información sobre execución orzamentaria.</p> <p>2. Estado do Remanente de Tesourería</p> <p>3. Información sobre Tesourería</p> <p>4. Información sobre Endebedamento</p>	<p>Regra 27 Orde EHA/4040/2004</p> <p>Apartado 2.6. detalle do Anexo Orde EHA/4040/2004</p> <p>Apartado 3. detalle do Anexo Orde EHA/4040/2004</p> <p>Apartado 4. detalle do Anexo Orde EHA/4040/2004</p>

(Continuación modelo básico)

Documento ou Estado	Norma aplicable
Documentación complementaria 5. Acta de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio. 6. Certificacións bancarias. 7. Conciliacións (en caso de discrepancia entre saldos contables e saldos bancarios).	Regra 23 Orde EHA/4040/2004
Aprobación da Conta Xeral 8. Informe da Comisión Especial de Contas. 9. Xustificación do trámite de exposición pública da Conta Xeral. 10. Resolución das alegacións pola Comisión Especial de Contas. 11. Acordo Plenario de Aprobación da Conta Xeral (Certificado). 12. Omisión de ficheiros electrónicos	Artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 29 de maio de 2007.

2.2.2 Trámite de aprobación

